

Manuel:

VI 440

[Teño lanchas,] teño remos,
teño sardiñas no mar,
teño unha boa rapaza
eu non quero traballar,
teño unha boa rapaza
eu non quero traballar.

“Bailaches Carolina?”

“Bailei, si señor”

“Dime con quen bailaches”

“Bailei co meu amor”.

O refaixo de Carolina
ten un lagharto pintado,
cando Carolina baila
o lagharto da i-o rabo,
cando Carolina baila
o lagharto da i-o rabo.

VI 439

Namoreime, namoreime
non me soupe namorare
nemoreime nunha nena
ela non quere traballar,
nemoreime nunha nena
ela non quere traballar.

I 233

I arriba, boiciño, arriba,
I arriba co teu arado,
nena se estás nemorada
non che trai bon resultado,
nena se estás nemorada
non che trai bon resultado.

Arriba, carballo, arriba
arriba coa verdura,
nena, si vives libre
rite de quen te marmula,
nena, si vives libre
rite de quen te marmula.



Carmen:

Andivécheste alabando
que non me podías ver
non era que me importase
pero estimeicho saber,
non era que me importase
pero estimeicho saber.

Oliñas veñen, oliñas veñen...

O cantar quere gracia,
o bailar adeprender-e
os que andamos neste mundo
todo nos compre saber-e,
os que andamos neste mundo
todo nos compre saber-e.

O cantar dos arrieros
era un cantar moi baixiño
cantámolo en Ribadavia
resona no Carballiño.